

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP01	Estética e beleza	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0641	Cosmetoloxía para estética e beleza	2023/2024	0	160	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA CARMEN FEIJOO PÉREZ
Outro profesorado	

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Recoñece os fundamentos da química cosmética e determina os compoñentes dun cosmético, aplicando a regulamentación técnico-sanitaria
RA2 - Identifica equipamentos, material de laboratorio e operacións elementais para a preparación de cosméticos, e recoñece a natureza fisicoquímica dos produtos cosméticos obtidos
RA3 - Clasifica os produtos cosméticos e relaciona os graos de penetración cosmética coa acción cosmética
RA4 - Selecciona os cosméticos de hixiene axeitados para cada tipoloxía cutánea, para o que identifica a súa composición, as súas características e a súa forma de actuar
RA5 - Selecciona os cosméticos de hidratación, mantemento e protección da pel axeitados par cada tipoloxía cutánea, tendo en conta a relación entre os seus principios activos e o seu mecanismo de acción
RA6 - Selecciona os cosméticos decorativos axeitados para cada tipoloxía cutánea, para o que identifica a súa composición, a súa función e zona da súa aplicación
RA7 - Selecciona os cosméticos para os procesos de depilación, descoloración, tratamento de mans e pés e próteses ungueais adecuados ás tipoloxías cutáneas, tendo en conta a relación entre a composición, a forma de presentación e os efectos producidos
RA8 - Aplica pautas de almacenamento, conservación e manipulación dos cosméticos, para o que identifica as condicións óptimas de uso, e prevén as reaccións adversas que poidan orixinar

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.3 Clasifícanse as substancias e as mesturas químicas segundo o seu pH
CA1.4 Describíronse as reaccións redox en que interveñan os cosméticos
CA1.5 Xustificouse o uso de determinadas substancias químicas na fabricación cosmética
CA1.6 Definiuse o produto cosmético e diferenciouse do medicamento e do nutricosmético
CA1.7 Analizouse a regulamentación técnico-sanitaria de produtos cosméticos

**Crterios de avaliación do currículo**

CA1.9 Describíronse os requisitos que deben cumprir os produtos cosméticos canto ao seu envasamento, a súa etiquetaxe e a data de caducidade

CA1.11 Describíronse as características das substancias máis frecuentemente empregadas en cosméticos

CA1.12 Definíronse os conceptos de principio activo, excipiente e aditivos da composición dun cosmético, e analizouse a función de cada un

CA2.1 Xustificáronse as diferenzas entre os sistemas homoxéneos e os heteroxéneos

CA2.3 Describiuse a composición, as propiedades e características dos sistemas dispersos heteroxéneos e a súa aplicación en cosmética

CA2.4 Clasificáronse os tensoactivos e analizouse a súa función

CA3.1 Clasificáronse os cosméticos en función da súa acción principal e o lugar de aplicación

CA3.3 Describíronse as vantaxes e os inconvenientes de cada forma cosmética, así como a súa forma de utilización

CA3.6 Determináronse os parámetros que definen a eficacia dos cosméticos, influíndo na súa calidade

CA4.1 Definíronse os conceptos de limpeza e hixiene, e identificáronse os compoñentes que forman parte da sucidade que se acumula na superficie da pel nas súas diferentes zonas e nos anexos cutáneos

CA4.2 Diferenciáronse os mecanismos de acción das substancias limpadoras

CA4.3 Describíronse as características que deban cumprir os cosméticos empregados na limpeza da pel

CA4.6 Diferenciouse a exfoliación estética da exfoliación médica

CA4.7 Clasificáronse os cosméticos exfoliantes e diferenciouse o seu mecanismo de acción

CA4.8 Clasificáronse as máscaras en función dos seus principios activos e da súa forma cosmética

CA5.1 Distinguíronse as substancias naturais que interveñen na hidratación cutánea

CA5.2 Clasificáronse os principios activos hidratantes segundo o seu mecanismo de acción

CA5.4 Establecéronse as diferenzas entre unha emulsión e un aceite para hidratación corporal

Crterios de avaliación do currículo
CA5.5 Clasifícanse os cosméticos solares segundo a súa finalidade e o momento da súa aplicación
CA5.6 Diferenciáronse os principios activos que interveñen na formulación dos fotoprotectores solares
CA5.8 Asociouse a composición dos produtos para despois do sol coa súa función
CA6.3 Clasifícanse os cosméticos decorativos en función da zona de aplicación
CA6.5 Especificáronse as condicións que debe cumprir un cosmético labial canto a dureza e composición
CA6.6 Enumerouse a composición dos cosméticos utilizados nos procesos de maquillaxe das uñas
CA6.7 Clasifícanse os cosméticos para a maquillaxe corporal
CA7.2 Describíronse os tipos de películas adhesivas, a súa composición e as súas características
CA7.4 Determináronse as vantaxes e os inconvenientes dos cosméticos para eliminar a peluxe
CA7.7 Establecéronse os criterios de selección dos cosméticos de manicura, pedicura e tratamentos de mans e pés, en función da súa acción e do servizo estético que se vaia realizar
CA7.8 Describiuse a composición e o xeito de actuar dos cosméticos empregados para uñas artificiais
CA8.1 Recoñecéronse as causas e os factores que producen con máis frecuencia alteracións nos cosméticos
CA8.2 Relacionáronse as alteracións na composición dos produtos cosméticos cos cambios que se orixinan nas súas características organolépticas
CA8.4 Especificáronse as pautas correctas de manipulación dos produtos cosméticos para garantir unhas condicións hixiénico-sanitarias idóneas de aplicación
CA8.6 Describíronse as pautas de recollida dos produtos cosméticos contaminados e/ou alterados, respectando a normativa e o ambiente
CA8.7 Identificáronse as reaccións adversas que poidan orixinar os cosméticos, así como os medios para os previr
CA8.8 Enumeráronse as precaucións que debe seguir o persoal para previr riscos e doenzas profesionais, e evitar contaminacións
CA8.9 Pautouse o xeito de actuar do persoal ante a aparición de reaccións adversas a cosméticos

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Recoñece os fundamentos da química cosmética e determina os compoñentes dun cosmético, aplicando a regulamentación técnico-sanitaria
RA2 - Identifica equipamentos, material de laboratorio e operacións elementais para a preparación de cosméticos, e recoñece a natureza fisicoquímica dos produtos cosméticos obtidos
RA3 - Clasifica os produtos cosméticos e relaciona os graos de penetración cosmética coa acción cosmética
RA4 - Selecciona os cosméticos de hixiene axeitados para cada tipoloxía cutánea, para o que identifica a súa composición, as súas características e a súa forma de actuar
RA5 - Selecciona os cosméticos de hidratación, mantemento e protección da pel axeitados par cada tipoloxía cutánea, tendo en conta a relación entre os seus principios activos e o seu mecanismo de acción
RA6 - Selecciona os cosméticos decorativos axeitados para cada tipoloxía cutánea, para o que identifica a súa composición, a súa función e zona da súa aplicación
RA7 - Selecciona os cosméticos para os procesos de depilación, descoloración, tratamento de mans e pés e próteses ungueais adecuados ás tipoloxías cutáneas, tendo en conta a relación entre a composición, a forma de presentación e os efectos producidos
RA8 - Aplica pautas de almacenamento, conservación e manipulación dos cosméticos, para o que identifica as condicións óptimas de uso, e prevén as reaccións adversas que poidan orixinar

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícanse os átomos, os ións e as moléculas que forman as substancias inorgánicas e orgánicas de uso cosmético
CA1.2 Diferenciáronse as expresións de medidas das concentracións das mesturas de uso cosmético
CA1.8 Identifícanse as substancias prohibidas e as restrinxidas
CA1.10 Analizouse a información subministrada polo fabricante dun produto cosmético e comprobouse o cumprimento da lexislación
CA1.13 Recoñecéronse os principais grupos de compoñentes de diversos cosméticos comerciais
CA2.2 Identificouse a composición, as características, as propiedades e a concentración das disolucións, así como a súa aplicación en cosmética

Criterios de avaliación do currículo
CA2.5 Interpretáronse as diferenzas entre suspensións, xeles e emulsións
CA2.6 Identificouse a natureza fisicoquímica de diversos cosméticos
CA2.7 Identificouse o material e os equipamentos de laboratorio necesarios para preparar cosméticos
CA2.8 Seguíronse os protocolos de limpeza e hixiene do material e dos equipamentos necesarios para a fabricación e o envasamento de mesturas e cosméticos sinxelos en condicións de saúde
CA2.9 Aplicáronse as medidas hixiénico-sanitarias do persoal no laboratorio necesarias para a fabricación e a manipulación de mesturas de compostos e cosméticos sinxelos, en condicións de saúde
CA2.10 Realizáronse as operacións empregadas na fabricación de cosméticos cos materiais específicos para esas técnicas
CA2.11 Elimináronse de xeito selectivo os residuos dos produtos de refugo xerados
CA2.12 Recoñecéronse e cubríronse os apartados da ficha de elaboración dun cosmético (compoñentes, concentración, forma cosmética, materiais utilizados, modus operandi, descrición das substancias utilizadas e resultados obtidos)
CA3.2 Identificáronse as formas de presentación dos cosméticos
CA3.4 Avaliouse a vía e o grao de penetración dos cosméticos na pel
CA3.5 Analizáronse os factores que inflúen na penetración dos cosméticos na pel e na súa forma de actuar
CA4.4 Analizouse a composición, así como as vantaxes e os inconvenientes dos produtos limpadores faciais e corporais
CA4.5 Relacionouse o xeito de actuar dun tónico facial cos ingredientes que o compoñen
CA4.9 Identificáronse os principios activos dos desodorizantes e dos antitranspirantes segundo o seu mecanismo de acción
CA4.10 Analizáronse e preparáronse no laboratorio fórmulas sinxelas de cosméticos de hixiene
CA5.3 Seleccionouse a composición dos cosméticos hidratantes en función do tipo de pel onde se vaian empregar
CA5.7 Interpretouse o grao de resistencia á auga dun fotoprotector solar e o seu poder de protección
CA5.9 Analizáronse e preparáronse no laboratorio fórmulas sinxelas de cosméticos de hidratación, mantemento e protección da pel

Criterios de avaliación do currículo
CA6.1 Identifícanse os principios activos responsables da acción decorativa dos cosméticos, e diferencíanse en función da súa solubilidade
CA6.2 Relacionouse a composición dos cosméticos decorativos coa súa forma de presentación
CA6.4 Analizáronse os cosméticos para maquillar a pel do rostro, os ollos e os beizos, e especificouse o seu obxectivo
CA6.8 Diferenciáronse os principios activos dos cosméticos autobronceadores e o seu xeito de actuar
CA6.9 Analizáronse artigos e expedientes sobre innovacións en cosmética decorativa
CA7.1 Identifícanse os compoñentes dos depilatorios químicos e o efecto que orixinan sobre a peluxe
CA7.3 Analizouse a composición, os efectos e o mecanismo de acción dos cosméticos que se empregan antes e despois da depilación
CA7.5 Distinguiuse o xeito de actuar dos cosméticos descolorantes baseándose nos seus principios activos
CA7.6 Analizouse a composición de cada cosmético empregado en manicura e pedicura
CA8.3 Identificouse o lugar e as condicións óptimas de almacenamento para garantir a correcta conservación dos produtos cosméticos e a organización axeitada do almacén
CA8.5 Analizáronse as consecuencias dunha incorrecta manipulación dos produtos cosméticos

### 3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os MÍNIMOS ESIXIBLES serán TODOS os criterios de avaliación descritos no apartado 2.b. desta programación.

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe deste módulo profesional levarase a cabo a través da realización de dúas probas.

As probas versarán sobre os seguintes conceptos correspondentes aos criterios de avaliación mínimos esixibles:

1. Química cosmética e cosmetoloxía xeral

1.1 Identificar os átomos, os ións e as moléculas que forman as substancias inorgánicas e orgánicas de uso cosmético.

1.2. Diferenciar as expresións de medidas das concentracións das mesturas de uso cosmético.

- 1.3. Clasificar as substancias e as mesturas químicas segundo o seu pH.
- 1.4. Describir as reaccións redox en que interveñan os cosméticos.
- 1.5. Xustificar o uso de determinadas substancias químicas na fabricación cosmética.
- 1.6. Definir o produto cosmético e diferenciouse do medicamento e do nutricosmético.
- 1.7. Analizar a regulamentación técnico sanitaria de produtos cosméticos.
- 1.8. Identificar as substancias prohibidas e as restrinxidas.
- 1.9. Describir os requisitos que deben cumprir os produtos cosméticos canto ao seu envasamento, a súa etiquetaxe e a data de caducidade.
- 1.10. Analizar a información subministrada polo fabricante dun produto cosmético e comprobouse o cumprimento da lexislación.
- 1.11. Describir as características das substancias máis frecuentemente empregadas en cosméticos.
- 1.12. Definir os conceptos de principio activo, excipiente e aditivos da composición dun cosmético, e analizouse a función de cada un.
- 1.13. Recoñecer os principais grupos de compoñentes de diversos cosméticos comerciais

#### Unidade didáctica 2. Introducción ao laboratorio cosmético

- 2.1. Xustificar as diferenzas entre os sistemas homoxéneos e os heteroxéneos.
- 2.2. Identificar a composición, as características, as propiedades e a concentración das disolucións, así como a súa aplicación en cosmética.
- 2.3. Describir a composición, as propiedades, e as características dos sistemas dispersos heteroxéneos e a súa aplicación en cosmética
- 2.4. Clasificar os tensoactivos e analizouse a súa función..
- 2.5. Interpretar as diferenzas entre suspensións, xeles e emulsións..
- 2.6. Identificar a natureza físico-química de diversos cosméticos.
- 2.7. Identificar o material e os equipamentos de laboratorio necesarios para a preparar cosméticos.
- 2.8. Seguir os protocolos de limpeza e hixiene do material e dos equipamentos necesarios para a fabricación e o envasamento de mesturas e cosméticos sinxelos em condicións de saúde.

#### Unidade didáctica 3. Clasificación de cosméticos. Penetración na pel.

- 3.1. Clasificar os cosméticos en función da súa acción principal e o lugar de aplicación.
- 3.2. Identificar as formas de presentación dos cosméticos.
- 3.3. Describir as vantaxes o os inconvenientes de cada forma cosmética, así como a súa forma de utilización.
- 3.4. Avaliar a vía e o grao de penetración dos cosméticos na pel.
- 3.5. Analizar os factores que inflúen na penetración dos cosméticos na pel e na súa forma de actuar.
- 3.6. Determinar os parámetros que definen a eficacia dos cosméticos, influíndo na súa calidade.

#### Unidade didáctica 4. Descrición dos cosméticos de hixiene facial e corporal.





- 4.1. Definir os conceptos de limpeza e hixiene, e identificáronse os compoñentes que forman parte da sucidade que se acumula na superficie da pel nas súas diferentes zonas e nos anexos cutáneos
- 4.2. Diferenciar os mecanismos de acción das sustancias limpadoras.
- 4.3. Describir as características que deban cumprir os cosméticos empregados na limpeza da pel.
- 4.4. Analizar a composición, así como as vantaxes e os inconvenientes dos produtos limpadores faciais e corporais.
- 4.5. Relacionar o xeito de actuar dun tónico facial cos ingredientes que o compoñen.
- 4.6. Diferenciar a exfoliación estética da exfoliación médica.

Unidade didáctica 5. Análise dos cosméticos de hidratación, mantemento e protección da pel.

- 5.1. Distinguir as substancias naturais que interveñen na hidratación cutánea.
- 5.2. Clasificar os principios activos hidratantes segundo o seu mecanismo de acción.
- 5.3. Seleccionar a composición dos cosméticos hidratantes en función do tipo de pel onde se vaian empregar.
- 5.4. Establecer as diferenzas entre unha emulsión e un aceite para hidratación corporal.
- 5.5. Clasificar os cosméticos solares segundo a súa finalidade e o momento da súa aplicación.
- 5.6. Diferenciar os principios activos que interveñen na formulación dos fotoprotectores solares.
- 5.7. Interpretar o grao de resistencia á auga dun fotoprotector solar e o seu poder de protección.
- 5.8. Asociar a composición dos produtos para despois do sol coa súa función.
- 5.9. Analizar e preparar no laboratorio fórmulas sinxelas de cosméticos de hidratación, mantemento e protección da pel.

Unidade didáctica 6. Clasificación dos cosméticos decorativos.

- 6.1. Identificar os principios activos responsables da acción decorativa dos cosméticos, e diferenciáronse en función da súa solubilidade.
- 6.2. Relacionar a composición dos cosméticos decorativos coa súa forma de presentación.
- 6.3. Clasificar os cosméticos decorativos en función da zona de aplicación.
- 6.4. Analizar os cosméticos para maquillar a pel do rostro, os ollos e os beizos, e especificouse o seu obxectivo.
- 6.5. Especificar as condicións que debe cumprir un cosméticos labial canto á dureza e a composición.
- 6.6. Enumerar a composición dos cosméticos utilizados nos procesos de maquillaxe das unllas.

Unidade didáctica 7. Cosméticos para os procesos de depilación, descoloración, tratamentos de mans e pes e próteses ungueais.

- 7.1. Identificar os compoñentes dos depilatorios químicos e o efecto que orixinan sobre a peluxe.
- 7.2. Describir os tipos de películas adhesivas, a súa composición e as súas características.
- 7.3. Analizar a composición, os efectos e o mecanismo de acción dos cosméticos que se empregan antes e despois da depilación.
- 7.4. Determinar as vantaxes e os inconvenientes dos cosméticos para eliminar a peluxe.

- 7.5. Distinguir o xeito de actuar dos cosméticos descolorantes baseándose no seus principios activos.
- 7.6. Analizar a composición de cada cosmético empregado en manicura e pedicura.
- 7.7. Establecer os criterios de selección dos cosméticos de manicura, pedicura e tratamentos de mans e pés, en función da súa acción e do servizo estético que se vaia realizar.

Unidade didáctica 8. Seguridade e hixiene no almacenamento, na conservación, na manipulación e na aplicación de cosméticos.

- 8.1 Recoñecer as causas e os factores que producen con maior frecuencia alteracións nos cosméticos.
- 8.2. Relacionar as alteracións na composición dos produtos cosméticos cos cambios que se orixinan nas súas características organolépticas.
- 8.3. Identificar o lugar e as condicións óptimas de almacenamento para garantir a correcta conservación dos produtos cosméticos e a organización axeitada do almacén.
- 8.4. Especificar as pautas correctas de manipulación dos produtos cosméticos para garantir unhas condicións hixiénico-sanitarias idóneas de aplicación.
- 8.5. Analizar as consecuencias dunha incorrecta manipulación dos produtos cosméticos.
- 8.6. Describir as pautas de recollida dos produtos cosméticos contaminados e/ou alterados, respetando a normativa e o ambiente.
- 8.7. Identificar as reaccións adversas que poidan orixinar os cosméticos, así como os medios para os previr.
- 8.8. Enumerar as precaucións que debe seguir o profesional para previr riscos e doenzas profesionais, e evitar contaminacións.
- 8.9. Pautar o xeito de actuar do profesional ante a aparición de reaccións adversas a cosméticos.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os alumnos serán cualificados nas sucesivas probas:

##### 1ª parte da proba

Esta primeira parte da proba terá un valor proporcional dun 80%.

- Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita (preguntas curtas e/ou tipo test) que versará sobre os contidos mínimos recollidos na programación do módulo, non podendo quedar en branco, sen contestar, un 30% desta proba.
- Cualificarase esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.
- No test cada pregunta ben contestada será cualificada cun punto positivo e cada pregunta mal contestada restará 0,5 puntos; as preguntas non contestadas non puntuán.
- Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación, exorarán a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do centro onde se realizou.

## 2ª parte da proba

Esta segunda parte da proba terá un valor proporcional do 20%.

- As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda parte, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento dun ou de varios supostos prácticos que versarán sobre exercicios ou casos prácticos segundo os contidos mínimos da programación.

- Cualificarase esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación exporán as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do centro onde se realizou.

A cualificación final da proba deste módulo profesional será o resultado da suma proporcional das cualificacións obtidas en cada unha das probas (80% corresponde a primeira parte da proba e 20% a segunda parte da proba), expresada en números enteiros, redondeada á unidade máis próxima (no caso de haber decimais).

No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarselle será de catro puntos.

\*No caso de que algún alumno/a utilice nas probas, materiais ou métodos non permitidos, a devandita proba seralle invalidada e suporá unha cualificación de 0, non tendo dereito á súa repetición.

\*Durante as probas non se lle permitirá o alumno aspirante portar dispositivos tales como reloxos dixitais, pinganillos, móbiles,...

\* Quedan excluídos destas probas, aquel alumno/a que non se presenta a algunha das dúas probas, pola causa que sexa, ou que chegue tarde sen causa debidamente xustificada,.

Recordarase que:

- É deber do alumnado seguir as directrices do profesorado (Art.7 apartado g. LEI 4/2011, do 30 de xuño. DOG Xullo 2011).

..

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

Proba escrita que constará de dez preguntas cualificables de acordo cos criterios de avaliación correspondentes a esta parte da proba.

Consistirá nunha serie de preguntas curtas e/ou tipo test sobre os conceptos especificados no apartado 3.A desta programación, onde se demostre a adquisición e comprensión dos contidos necesarios para acadar os resultados de aprendizaxe do módulo.

Tempo máximo de realización: 2 horas.

Só se requerirá como material de traballo un bolígrafo azul ou negro.

\*Esta proba será necesaria aprobala, acadar un mínimo de 5 puntos, para pasar a segunda parte.

O alumno deberá aportar o seu material necesario para o desenvolvemento da proba escrita.

Sempre e cando as condicións sanitarias o permitan, as probas escritas e/ou prácticas serán PRESENCIAIS. No caso de ter que realizar probas de avaliación de forma TELEMÁTICA, será necesario utilizar o sistema de videoconferencias WEBEX con CÁMARA WEB e MICRÓFONO ACTIVADOS durante toda a proba, para garantir a súa autoría por parte do alumnado. No caso contrario, non serán avaliados. Ante a sospeita dun caso de FRAUDE/COPIA por parte do alumnado, realizarase OUTRA PROBA de avaliación de xeito PRESENCIAL, tan pronto como as condicións sanitarias o permitan. Se non fose posible repetir a proba de xeito presencial, farase a través de VIDEOCONFERENCIA de forma ORAL e INDIVIDUAL. De persistir a actitude fraudulenta cualificarase a proba cun 1.

##### 4.b) Segunda parte da proba

Os alumnos que superen a parte teórica, realizarán unha proba práctica onde se desenvolveran as destrezas necesarias para a avaliación das capacidades prácticas demandadas para acadar os mínimos esixidos no módulo : Supostos prácticos cualificables de acordo cos criterios de avaliación correspondentes a esta parte da proba.

A proba realizarase en 1 hora como máximo.

\*Para aprobar esta proba será necesaria acadar un mínimo de 5 puntos.

Instrumentos necesarios para a realización práctica:

\* Bolígrafo negro ou azul.

\* Calculadora científica.

Sempre e cando as condicións sanitarias o permitan, as probas escritas e/ou prácticas serán PRESENCIAIS. No caso de ter que realizar probas de avaliación de forma TELEMÁTICA, será necesario utilizar o sistema de videoconferencias WEBEX con CÁMARA WEB e MICRÓFONO ACTIVADOS durante toda a proba, para garantir a súa autoría por parte do alumnado. No caso contrario, non serán avaliados. Ante a

sospeita dun caso de FRAUDE/COPIA por parte do alumnado, realizarase OUTRA PROBA de avaliación de xeito PRESENCIAL, tan pronto como as condicións sanitarias o permitan. Se non fose posible repetir a proba de xeito presencial, farase a través de VIDEOCONFERENCIA de forma ORAL e INDIVIDUAL. De persistir a actitude fraudulenta cualificarase a proba cun 1.